

# MÚSICA E CANTANTE

*“Eu compoño os meus propios temas, pero tiven que facer un exercicio de gañar moita confianza para dicir o que pensaba ou recoller cancións que me gustaban e levalas a min, facelas miñas”*



Son unha persoa que vén de moitos sitios e de ningún, fundamentalmente música, pero en busca permanente de novas canles de expresividade, non só musicais, senón artísticas. Son moi comprometida coas miñas ideas e gústame moito improvisar.

Nacín na Arxentina, vin con seis anos para unha aldea da costa da morte chamada Arou e logo mudei para a Coruña. Fixen Maxisterio Musical e na actualidade son a cantante de Luar na Lubre.”

*"Penso que comecei a cantar antes que a falar, porque desde ben pequena cantábanme moitísimo, e para min a música sempre foi algo moi natural".*

Comecei na música tradicional tocando no típico grupo local a gaita e a pandeireta e, mesmo entrei a cantar nun coro. Logo viñeron outros estilos até que finalmente collín un pouco de valentía para facer o meu propio proxecto, con cancións que facía eu e deixando de cantar en inglés para cantar en galego, que era a lingua que máis lle podía chegar á xente que me viña escoitar.

Hai un ano que se pode dicir que teño dedicación exclusiva á música, xa como cantante de Luar na Lubre e vinculada á xira do seu disco de 30 aniversario.

*"Non temo ser despedida porque estou orgullosa de denunciar o meu caso".*

Si, saltei aos medios hai dous anos con esa noticia, todo o que se pode ler sobre ela é verídico e real e para a nosa desgraza cada vez hai máis novas similares, hai máis desprotección e a xente deixa que lle pasen esas cousas.

Eu tiña un traballo normal nunha escola infantil na que me expresaba en castelán e nunca houbera problema, pero a raíz dun conflito laboral comezaron as tensións coas traballadoras e buscaron o xeito de danarme a través do idioma.

"Belén, esto no es una escuela de gallego, es una escuela de inglés", cando me dixeron iso e que non podía cantar en galego pedinlles que mo puxeran por escrito, fixérono e comecei a falar só en galego e seguir as miñas clases con total normalidade, pero chegou o momento en que se fixo cada vez máis violento”. Saltei á luz denunciando esta situación, porque se unha ten a oportunidade ten que tirar cara adiante en concordancia co que cres que é xusto, ser honesta e levar a cabo os teus principios.